



**Amigos
da Terra**



amigosdaterra.net

Amigos da Terra

r/ Capitán Eloi 20, 2º esquerda. 32003 Ourense

tel: 34 988 374318. fax: 34 988 511020.

e-mail: info@amigosdaterra.net. CIF: G-322424222

PROPOSTAS DE MELLORA PARA O PROGRAMA “Roda Limpo Ourense” (Novembro, 2007)

1. INSTALACIÓN DE BORNES NAS ESTACIÓNS DE AUTOBUSES E TRENS:

A realidade ourensana: con máis da metade da poboación que vive no rural e cun volume de desprazamentos moi grande en dirección as cidades, sobre todo, de Vigo e Pontevedra, fai, que haxa diariamente un grande volume de desprazamentos interurbanos en vehículos privados. Desprazamentos que poderían ser feitos en transporte público. Pero para isto é preciso achegar os cidadáns do centro de Ourense as estacións de trens e autobuses. A bicicleta podería facer de Ourense unha cidade con menos vehículos nas rúas, máis limpa, menos ruidos, menos contaminada e polo tanto máis habitable.

PROPOÑEMOS:

A intalación de bornes nas estacións de trens e autobuses. Dimensionados e pensados para o volume de posibles usuarios.

2. AMPLIACIÓN DOS HORARIOS:

Dende o grupo de mobilidade de Amigos da Terra, pensamos que a bicicleta non debe ser concebida exclusivamente para os tempos de ocio e lecer senon como medio de transporte en si mesmo, e que pode xogar un papel importante para paliar os efectos do tráfico rodado no centro urbán da cidade. Neste sentido pensamos que limitar o horario é un grave erro. Especialmente se este é dende as 9h (cando xa todo o mundo entrou a traballar ou estudar) ata as 19h ou 21h en inverno ou verán (cando moitos comercios aínda non pecharon, a actividade continua na rua especialmente en inverno e este servizo podería tamén supoñer parte da solución o colapso nos arredores do casco vello os días de marcha pola noite).

PROPOÑEMOS:

Ampliación do horario especialmente pola mañán, dende as 7h, e ata as 22h pola tarde todo o ano, sobre todo o venres, sábado e domingo ata as 3h.

Supresión desta medida nun prazo máximo dun ano.

3. SERVIZO DE MANTENIMENTO:

É necesario un mantemento das bicicletas, para que a xente poida facer uso delas, e non atopalas mal estado porque crea unha dinámica de desmotivación e desinterese polo servizo.



**Amigos
da Terra**



amigosdaterra.net

Amigos da Terra

r/ Capitán Eloi 20, 2º esquerda. 32003 Ourense

tel: 34 988 374318. fax: 34 988 511020.

e-mail: info@amigosdaterra.net. CIF: G-322424222

Propostas para a mellora continua:

1. **Facilitar a localización das bicicletas:** Dotando os ordenadores na rua dun mapa onde se vexa claramente, cales son os puntos de préstamo e aportando información sobre a dispoñibilidade de espazos para deixar a bicicleta alí onde se vai.
2. Na ampliación do servizo "RODA LIMPO" na cidade de Ourense, **dar preferencia os puntos da cidade nos que existen conexións co transporte** urbano, periférico e interurbano.
3. **Equipar as bicicletas con sistemas que poidan facer mais sinxela e práctico o seu uso**, como pode ser cestas ou antirroubos.
4. **Temos o vehículo, precisamos por onde circular:**
O paso seguinte é preciso e inminente: Dotar a Ourense dunha rede de carrís bici no centro da cidade. Resolvendo a convivencia no mesmo espazo dos vehículos a motor e as bicicletas seguindo as seguintes premisas:
 1. O espazo gañado para a bicicleta debe ser tomado do que posúen actualmente os vehículos de motor, en ningún caso a costa dos espazos dos peatóns.
 2. Pensar o percorrido para a vida diaria non para o ocio e o lecer.